

Achegamento médico-antropológico á personalidade de Rosalía

Agustín Sixto Seco

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SIXTO SECO, AGUSTÍN (2012 [1986]). “Achegamento médico-antropológico á personalidade de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 57-64. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1762>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SIXTO SECO, AGUSTÍN (1986). “Achegamento médico-antropológico á personalidade de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 57-64.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ACHEGAMENTO MÉDICO-ANTROPOLÓXICO Á PERSONALIDADE DE ROSALÍA

AGUSTÍN SIXTO SECO

Presidente do "Patronato Rosalía de Castro"

Cando, sendo mozo, me incorporei á vida universitaria de Compostela no ano 1945 para estudar Medicina e axiña contactei co ambiente cultural galeguista, estaba eu moi alleo a que algún día chegaría á Presidencia do Patronato rosaliano. Agora que xa levo 15 anos nese honroso posto, celébrase en Santiago, coincidindo co "Centenario de Rosalía", un "Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo" ó que quixen contribuír cunha modesta Comunicación que, pola índole da miña profesión médica que impregna o desenrolo do tema, quizais foi unha modesta illa no grande e valioso océano literario, histórico, poético e de investigación que informou todo o contido do Congreso.

Mais agora, cando polos encargados da publicación das Actas do Congreso se me require o texto escrito da miña Comunicación, tendo transcorridos xa varios meses dende o remate do Congreso, debo confesar que me considero home afortunado xa que, agora sí, entón non, podo dispoñer de dous textos que, como logo se verá, serven para avalar algunhas das teses que sostíña —e sigo sostendo— na miña Comunicación.

Refírome a un libríño da autoría do Prof. Dr. Pérez L. Villamil que, co título de "Dos Conferencias", recolle unha que me interesa particularmente: "La personalidad enferma de Rosalía de Castro". Fora pronunciada polo devandito Prof. Villamil, Catedrático e Profesor meu na Facultade de Medicina de Santiago, no ano 1947, con ocasión do "V Curso Universitario de Verano" en Vigo. Publicada en edición limitada a 50 exemplares que o autor probablemente repartiría entre as súas amizades, compréndese que non sexa fácil atopala agora. Déboile esta regalía á teimuda busca de Paco Fernández del Riego, que foi quen de me conseguir unha fotocopia do único exemplar que posúe o propio Prof. Villamil, venerable mestre felizmente vivo, aínda que velliño, en Vigo.

O outro libro ó que me refiro máis arriba é da autoría do Prof. Ernesto Guerra da Cal, e titúlase "Rosalía de Castro. Antología poética. Cancioneiro rosaliano". Está publicado en Viseu (Portugal), novembro de 1985 e foinos enviado polo seu autor, con cordial adicatoria, para a Biblioteca da "Casa-Museo de Rosalía". Neste libro atópome coa referencia que o Guerra da Cal fai a un libro de Gerald Brenan ("The Literature of the Spanish People", Cambridge, University Press, 1951) que tamén me interesaba, pero que está esgotado. Unha frase que o Guerra da Cal inclúe cando está a comenta-lo texto do autor inglés ("on the rebound?") referíndose ós motivos

que poidesen adianta-la voda de Rosalía con Murguía, vén en apoio dunha das datas “chave” que, considerada no seu conxunto o desenvolvemento evolutivo da personalidade de Rosalía, manexaba —e sigo manexando agora— na exposición da miña tese.

Posto a corrixi-lo texto da miña Comunicación para ser publicado, pareceume oportuno, e honrado, deixar constancia destes dous achados.

Tamén así, e dun xeito certamente informal, veño de poñerlle un limiar curioso á miña propia Comunicación. Limiar no que quero salientar cómo as inxedanzas rosalianas do mozo que eu era na década do 1945 a 1955, entón alertado por ter escoitado da autoridade psiquiátrica do Prof. Villamil “algo” sobre a personalidade enferma de Rosalía, virían rematar agora, cando xa profesional experimentado presidido o seu Patronato, nesta tese de achegamento médico á figura da poeta.

* * *

O tema que escollín para expoñer neste “Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía e o seu tempo” que celebramos en Santiago con ocasión do Centenario da morte da poeta, anda rondando na miña cabeza dende hai máis de 30 anos. Practicamente nace coa miña incorporación á vida universitaria e cos meus primeiros contactos co mundo da cultura galega, que daquela se repartía medio agachada e nos máis insospitados lugares.

Non podó asegurar con certeza cál é a súa data. Pero lémbrome de ter escoitado unha Conferencia do Prof. Villamil (Catedrático de Medicina Legal e Prof. de Psiquiatría) na que, ilustrándoa cunhas curiosas fotografías da cara de Rosalía e unhas gráficas da súa fecundidade biolóxica e produción literaria, chegaba a algunhas conclusións sobre a patoloxía da poeta e a influencia da enfermidade na súa produción.

Lémbrome ben do impacto que aquilo me causara. Mesmo porque por aquelas datas andabamos unha serie de rapaces, reunidos na tertulia do Café Español con D. Ramón Otero Pedrayo e outros significados galeguistas, preocupados polo soerguemento da figura de Rosalía, que pouco despois iamos ver colmada con aqueles “7 ensayos sobre Rosalía” que Galaxia deu ó prelo no ano 1952.

Mais o certo é que, xa mergullado eu nos meus estudos médicos e difuminado polo tempo aquel primeiro impacto sobre a personalidade enferma de Rosalía, acabou por esmorecer definitivamente cando poiden ler, co respecto que sempre me mereceu o meu vello mestre D. Ricardo Carballo Calero, estas afirmacións:

“Carece, pues, de importancia decisiva el estudio de los dolores personales de Rosalía para explicar su obra... porque nada de esto hubiera elevado a Rosalía a la suprema categoría de lírico esencialmente humano”

Se Carballo Calero aseguraba iso e se dúas personalidades médicas e galeguistas como Domingo García-Sabell e Juan Rof Carballo tampouco salientaran nada “especial” na patobiografía da poeta nos traballos que ámbolos dous publicaron nos “7 ensayos sobre Rosalía” compréndese que eu abandonara aquela miña vella teima.

Mais velaí que, por vía dun xoven poeta, vénseme atiza-la brasa nunca de todo apagada, cando neste mesmo ano do Centenario podó ler isto que o X. Rábade Paredes, pois del se trata, deixa escrito:

“Nós coidamos que as chaves que nos dan acceso á autora residen nesas dores, e que xustamente esa visión do mundo tinxida de traxedia (da dor como elemento constitutivo da condición humana) unida ó seu xenio indiscutible de poeta, será o que lle permita debuzarse nas fonduras desoladas que nos presenta en FOLLAS”.

A lectura deste lúcido parágrafo de Rábade Paredes produciu en mín o mecanismo de busca nos meus remotos recordos. ¿Onde andaría o texto daquela curiosa Conferencia do Prof. Villamil sobre a personalidade enferma de Rosalía? Falo con uns e con outros amigos e só consigo, por afortunado achado do Pepe Lino V. Monxardín —colaborador meu na Fundación Otero Pedrayo— unha valiosísima folliña, probablemente un “encarte” da publicación que recollería aquela Conferencia. Trátase dunha reprodución daqueles famosos rostros de Rosalía, o da foto orixinal e logo unhas composicións das hemifacies dereita e esquerda. O Pepe Lino atopouna revolvendo nos papeis do seu paicño, un vello galeguista xa defunto. E mandouma para o arquivo da Casa-Museo de Rosalía. Aquela visión refrescou na miña memoria todo o tema; pero seguía sen poder fixa-lo contido.

Mais, fose como fose, eu tiña que achegarme —con moita discreción, mais con mirada escrutadora— a ese insondable mundo que puido e debeu ser, sen dúbida, a patobiografía desta insigne muller. Porque para min segue estando claro que se ben é certo que o importante en toda produción literaria é a explicitación desa obra e a súa valoración no tempo, non o é menos que a personalidade do autor está seriamente influenciada polas alteracións patolóxicas que pode sufrir-la súa propia biografía. O resultado, claro está, vai depender da resposta que esa personalidade —na súa totalidade psicofísica— vaia dar á súa patobiografía.

Presentado así o problema, habería que rastrear asisadamente na vida da nosa autora. Non para atopar morbosos relatos que veñan complicar aínda máis as nebulosas que tanto abundan na súa biografía. Senón para ver ata qué punto Rosalía estivo realmente enferma —non só do cancro de útero que a levara á tumba—, dende cando, en que datas... Habería que ver tamén se ó longo da súa vida xorde algún outro problema que, sumándose á súa magoante orfandade, puidese ter agravado, profundamente, o desenvolvemento psicofísico da autora, ata levala a adoptar decisións que non se terían producido se “esas causas” non se desen.

Era preciso pescudar seriamente todo isto. Porque á luz dos actuais coñecementos nas ciencias da Psicoloxía, da Pedagogía e da Medicina, tense creado un suxerido campo de investigación Psico-neuro-inmunolóxico polo que se está demostrando a interrelación existente entre o cerebro, o sistema endocrino e a defensa inmunolóxica. De tal xeito se están aclarando as cousas neste campo de investigación, que, hoxe, explícanse moitas actitudes e conductas seguidas por ilustres enfermos, porque neles esa interrelación funcional psico-neuro-inmunolóxica actuaría no dobre sentido de crear un escenario favorable para o desenvolvemento dunha enfermidade ou, pola contra, establecería unha barreira que a detivese ou superase.

Adianto xa que, no caso de Rosalía, e apoiándome nos datos contrastados que logo iremos vendo, vanse suma-los indubidables efectos da súa impresionante orfan-

dade ós efectos das súas permanentes enfermidades, entreverado todo iso con algunha situación “límite” (¿o seu primeiro embarazo?) que complicaría aínda máis a súa xa crítica acomodación social naquela época.

E adianto tamén que, para o meu modo de ver e contemplando a súa patobiografía coñecida, Rosalía era unha muller xenial; crente, de incommovibles valores éticos; que reacciona, de forma conmovedoramente aleccionadora, loitando contra tódolos efectos negativos da súa propia patoloxía biográfica, corporal e psíquica, do único xeito que un xenio pode facelo, precisamente porque ignora a súa condición xenial: asumindo a súa dor mentres se consome o seu corpo; contando e cantando nos seus escritos, dende as fonduras desoladas do seu propio mundo, as experiencias do mundo que a rodea.

Vexamos, xa que logo, algunhas desas datas “chave” na patobiografía de Rosalía e vaimos tirando conclusións de cada unha delas.

Primeira “data chave”

1837. Nace a nosa autora da forma que xa se coñece. Vai ser, sen dúbida, unha curiosísima orfa: porque non vai ter nin pai nin nai ... ¡tendo pai e nai!. ¿Cantos anos pasa así? Sexa cal sexa o biógrafo que consultemos, está claro que a nena estivo na aldea de Castro de Ortoño nin menos de 8 anos nin máis de 12. ¿Quedamos con dez?. Quero dicir: ¿aceptamos que a nena Rosalía estivo alomenos dez anos sen coñece-los seus proxenitores?.

Sendo así, e parece que así foi, a nosa nena está sendo vítima dunha carencia de relacións paterno-materno-filiais que vai conformar de xeito “distinto” o seu desenvolvemento. Porque

“O futuro do neno queda determinado, en boa medida, nos 5 ou 6 primeiros anos de idade, xa que a máxima plasticidade e desenvolvemento do cerebro humano ten lugar antes dos 5 anos” (Burton L. Wite. U.S.A.)

Por outra banda, e se efectivamente Rosalía viviu illada de pai e nai todo ese tempo de nenez, ¿de quen copiou Rosalía?, ¿a quen imitou Rosalía?. Porque

“A nosa conducta, nas súas múltiples manifestacións, será o modelo do que o neno copia” ... “o mimetismo é un feito fundamental na educación do neno” (Bandura e Walters).

Quérese dicir que, á luz dos actuais coñecementos psicopedagóxicos, non se poden deixar a fume de pallas as consideracións que, coa distancia de cen anos, debemos valorar na formación da nena Rosalía. Xa que ninguén pode ignorar —e por tanto non valorar axustadamente as súas carencias— que as distintas destrezas, potencialidades e capacidades, con manifestación de psicomotricidade, intelixencia, adquisición da linguaxe, manifestacións afectivo-emocionais, sociabilidade, etc., etc., van xurdindo cíclica e periodicamente nos 12 primeiros anos da vida. ¿Ignora alguén hoxe, se se ten por culto, os achados da ciencia da neonatoloxía?. ¿Non pensaremos na nosa autora,

e no oculto embarazo de Dona Teresa de Castro, cando lemos todo o que os investigadores andan a nos ensinar como resultados dos seus seguimentos da vida intrauterina?.

Nesta primeira “data chave” na vida de Rosalía eu creo que se atopa unha indubidable fonte de seria meditación sobre a impronta caracterolóxica na nacente formación daquela muller.

Segunda “data chave”

1858. Voda de Rosalía con Murguía. Prodúcese, como ben se sabe, en Madrid, xustamente no 10.10.1858. E como froito dese matrimonio nace a primeira filla, Alexandra, exactamente o 12.5.1859. Algún cordial biógrafo ten dito, pudorosamente, que a nena naceu “justamente a los nueve meses de la boda”... Pois non señor: a nena nace ós sete meses e 2 días da voda... De modo que ou Dona Alexandra foi setemesina (cousa que non concorda coas descripcións que dela dan quen a coñeceu, e morreu lonxeva, ós 74 anos de idade) ou Rosalía levaba dous meses embarazada cando casou con Murguía...

Se esta elucubración resulta ser certa, teríamos axiña vía aclaratoria para dúas actitudes persoais de Rosalía que non encaixan no seu estilo:

- a.— ¿Por que casa en Madrid Rosalía, ela, tan apegada á súa terra?... ¿Non será porque está embarazada e apura e oculta a súa situación canto pode, lonxe de Galicia, allea á familia?.
- b.— ¿Por que non volta a ter máis embarazos en dez anos?. Despois será fértil seis veces máis, mesmo cun parto xemelar. Pero, ¿por que ese silencio de dez anos? ¿Non será a súa unha voluntaria actitude de negación sexual, en forma de reproche ó seu home, è isto non explicaría a socorrida sonda de mullereiro de D. Manuel, con infidelidades arreo? (1).

Terceira “data chave”

1865-1868. Estas serían as datas posibles para situar dúas das cartas que X. Naya Pérez dá a coñecer nos seus “Inéditos de Rosalía”. Interézanos moito este punto, xa que imos en procura dunha análise seria das enfermidades de Rosalía. Ata agora, aínda que con seriedade, viñemos facendo elucubracións das posibles secuelas psíquicas directamente seguidas na súa formación por “carencias”. E queremos insistir en que todas esas interpretacións baséanse nos xuícios científicos avalados por personalidades

(1) Cando compoño este traballo para a imprenta (febreiro 1986) chégame o libro de Guerra da Cal, no que comenta outro de Gerald Brenan. E nel atópome con este suxeridor parágrafo: “O que de certo sabemos é que em 1858 casou –tal vez “on the rebound”– com Murguía...”. Pregúntome eu: ¿queredá dicir, coma nós aquí dicimos, “de penalti”? Se así fose, xa non son eu só o que pensa dese xeito e admite un inesperado embarazo de Rosalía.

da talla de Glenn Doman (Filadelfia), Mazaru Ibuka (Xapón), Rachel Cohen (Francia), J. Pierre Portois (Bélica). Mais o certo é que nos movemos sempre na sutileza, ás veces comprometedor, da interpretación do mundo psico-pedagóxico.

Agora non. Agora tentamos ver cando e por canto tempo estivo enferma Rosalía. Non da derradeira enfermidade, a do útero, que esa está documentada polo seu médico, o Prof. Maximino Teixeira (“su eterna enferma”, dille a propia Rosalía na adicatoria de Cantares Gallegos, manuscrita) e logo refrendada polo médico de cabeceira, en Padrón, D. Roque Membiela, que certifica a morte da poeta o 15.7.1885.

Nós, coa interpretación desta terceira “data chave”, o que queremos é demostrar que *Rosalía estivo realmente enferma sempre*, o que daría lugar ó desencadenamento daquel mecanismo psico-neuro-inmunolóxico ó que nos referimos máis arriba.

As cartas ás que me refiro son dúas que, escritas por Rosalía a Murguía, Naya inserta nos seus “Inéditos”. A primeira ten estes parágrafos:

“Yo prosigo con mucha tos, mucha más que antes, aunque me cesaron los escalofríos. Sin embargo, se me figura que este golpe ha sido demasiado fuerte y si llego a sanar, que no lo sé, me han de quedar restos y reliquias (...) Se me olvidaba. Tu tía Teresa está ahí, pues al pasar por allí *la niña* la vió, pues la llamó ella y le dijo que me diera un recadito...”

Na segunda das cartas que comentamos figuran estes outros dous parágrafos:

“Querido Manolo: (...) Yo sigo mala y bastante del estómago y del vientre, pero al mismo tiempo no pasa de ser una de aquellas vueltas antiguas que no quieren abandonarme completamente (...) *La pequeña* sigue buena y me pregunta siempre por tí”.

Ambalas dúas cartas carecen de data. Mais penso que tendo en conta a concreta referencia que Rosalía fai nas dúas a “*la niña*” e a “*la pequeña*”, así, sen máis datos, pódese asegurar que se está a referir a Alexandra, a primeira filla. Porque se xa cando escribe esas cartas tivese máis fillas (lémbrese que a segunda, Aura, nace no 1868, 10 anos despois de Alexandra) diría o nome da nena para sinalarlle ó pai. Non. Rosalía está falando de Alexandra. E se é así, a nena tería máis de 5 anos para poder aceptar que naqueles tempos andase pola rúa soa e puidese recibir un recado; e menos de dez, porque aínda non nacera Aura. Así, pois, esas cartas de Rosalía tiveron que ser escritas entre 1865 e 1868, cando ela tiña uns 22 ou 25 anos.

Non parece que todo isto sexan cábalas desnortadas. En todo caso podería haber erros de meses, non de anos. E polo tanto parece estar claro que Rosalía, cando a penas conta de 22 a 25 anos, está dicíndolle ó seu home que volve a padecer daquelas “vueltas antiguas” que lle afectaban, polo que di, ó estómago e ó ventre.

Se engadimos a isto que nas biografías sobre Rosalía está comprobado que sufriu unha grave tifoidea cando tiña 16 anos, estando en Muxía na casa dos López Abente; e que tamén se sabe que era asiduamente levada a “poñerlle o santo”, en Padrón, pódese afirmar sen medo á deformación retórica, que Rosalía estivo *sempre* enferma, seriamente enferma.

Pensando nesta conclusión mesmo me atrevería a sospeitar que cando Rosalía

Ile adica o libro a D. Maximino Teixeira e se identifica como “su eterna enferma” non é tanto porque ela o fose tanto tempo do Dr. Teixeira, senón que ela mesmo se consideraba xa eternamente enferma...

Cuarta “data chave”

1881. Neste ano, xustamente o 26 de Xullo, prodúcese o que X. Alonso Montero designou como a “dimisión de Rosalía”. O ilustre rosaliólogo baséase para tal designación na propia declaración que Rosalía estampa noutra carta, esta si datada en Lestrove, e dirixida ó seu home e na que lle asegura que “(no) volveré a escribir nada en nuestro dialecto, ni acaso tampoco a ocuparme de nada que a nuestro país concierna”.

O Prof. Alonso Montero, e coma el cantos interpreten a Rosalía dende a perspectiva literaria, loxicamente xustificará esa postura que el calificou afortunadamente de “dimisión” da poeta polo íntimo cansancio diante de tantos desprecios ou faltas de valoración que os seus coetáneos lle adicaban. Ela mesma parece aboar esta tese cando dí na devandita carta: “Se atreven a decir que es fuerza que me rehabilite ante Galicia. ¿Rehabilitarme de qué? ¿De haber dado todo lo que en mí cupo por su engrandecimiento?”.

Pode que así sexa. E que Rosalía se sinta falta de comprensión e ofendida polos seus coetáneos.

Mais nós, que estamos facendo este achegamento médico-antropolóxico á personalidade da poeta, preferimos non quedarmos na tona do asunto; pola contra, e tratando de aprofundar no tema, imos contemplar a Rosalía xustamente nese intre, ano 1881, cando faltan exactamente 4 anos para a súa morte, como consecuencia do tumor de útero que xa entón terá avanzado, e faga certo o que xa ela mesma cantara:

“Teño un mal que non ten cura
un mal que naceu connigo
i ese mal tan enemigo
levarame á sepultura”

...

“Curandeiros, ciruxanos
doctores en medicina
pra esta enfermédá miña
n’hai remedio antre os humanos”

Porque é xustamente nas enfermidades que se complican coa presenza e avance dun tumor, onde se comprobán maiores cambios bioquímicos que chegan a influír, por vías neurofisiolóxicas, na complicada estrutura cerebral.

¿Ata ónde chegaría a afectación na esfera psíquica e cerebral da “eterna enferma”?

René Leriche, o ilustre ciruxano francés que nos deixou o seu maxisterio na obra cimeira “A ciruxía da dor”, dinos isto: “Case sempre os que sofren, sofren, en

realidade, conforme eles mesmos din”, (e mesmo se simulan), “prestándolle á súa dor a máis extremada atención, sofren máis do que se puidese pensar” (...) “Non hai máis que unha dor que sexa fácil de soportar, que é a dor dos demais” (...) “A dor sobrepasa nos seus efectos o campo da súa propia percepción”. E “por motivos fisiolóxicos (...) repercute a distancia nos aparatos da regulación nerviosa” (...) “Para o que sofre, a dor física é o terrible precio da percepción lentamente adquirida por un dos nosos sentidos. Sempre inútil, empobrece o home e en pouco tempo fai do máis luminoso espírito un ser atafegado, replegado sobre si mesmo, concentrado no seu mal, egoístamente indiferente para todo e para todos, obsesionado constantemente polo temor do retorno da dor”. Mesmo para os grandes místicos “*a loita contra a dor representa un desgaste, e consenti-la dor é unha especie de lento suicidio*”.

Se isto ten sido estudiado e dito coa autoridade de René Leriche, ¿permitiráseme a min aplica-la súa teoría á xenial figura de Rosalía e deixar sentado aquí que ela, a muller por tantas cousas “símbolo de Galicia”, tamén iniciou nesa data do 1881 o seu lento suicidio literario por mor de ser unha “eterna enferma”?

Bibliografía

- Pérez L. Villamil, José: *Dos conferencias*, Edición privada. Imprenta La Competidora, Vigo, Setembro 1953.
- Guerra da Cal, Ernesto: *Rosalía de Castro. Antología poética. Cancioneiro rosaliano*, Guimarães Editores, Viseu, Novembro 1985.
- Brennan, Gerald: *The Literature of Spanish People*, Cambridge, University Press, 1951.
- Carballo Calero, Ricardo: *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Editorial Gredos, Madrid, 1955.
- García-Sabell, D. e Rof Carballo, J.: *7 Ensayos sobre Rosalía*, Editorial Galaxia, Vigo, 1952.
- Rábade Paredes, Xesús: *Dúas feridas incurables*, El Correo Gallego, 24.11.1985.
- Leriche, René: *La cirugía del dolor* (trad. española), Ediciones Morata, Madrid, 1942.
- Naya Pérez, Juan: *Inéditos de Rosalía*, Edición do Patronato Rosalía de Castro, Santiago, 1953.
- Alonso Montero, Xesús: *Rosalía de Castro e a súa época*, Edición da Caixa de Aforros Municipal, Vigo, 1985.